

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BETANZOS

Bases reguladoras do programa de vivendas baleiras no Concello de Betanzos

ANUNCIO

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS NO CONCELLO DE BETANZOS

A Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos, na sesión extraordinaria do día 07/04/2017, aprobou as seguintes bases reguladoras do programa de vivendas baleiras no Concello de Betanzos. O prazo para a presentación estará aberto de xeito permanente.

Bases reguladoras do programa de vivendas baleiras no Concello de Betanzos.

É obxecto das presentes bases a regulación dos aspectos materiais, persoais, formais e procedimentais do Programa de Vivendas Baleiras do Concello de Betanzos implantado no mesmo en virtude do acordo plenario do día 31/05/2016 e que se desenvolverá de conformidade co acordo de adhesión ao Convenio de colaboración entre o IGVS e a FEGAMP para o desenvolvemento do dito programa no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, Aluguer e Mellora do Acceso á Vivenda 2015 – 2020 (Plan RehaVIta) aprobado no mesmo acordo antes indicado e asinado o día 19/07/2016.

TÍTULO I. INCORPORACIÓN DE VIVENDAS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS

CAPÍTULO I. CARACTERÍSTICAS E POSTA A DISPOSICIÓN DAS VIVENDAS

Artigo 1. Condicións e características das vivendas

1. Para a súa incorporación ao Programa de Vivendas Baleiras as vivendas deberán reunir como mínimo as seguintes características:

- Ter a consideración de vivenda libre ou non estar sometida a ningunha limitación para arrendala derivada da súa cualificación como vivenda protexida.
- Non ter cargas que impidan o seu arrendamento, e carecer de limitacións por razóns de legalidade urbanística.
- Estar desocupada e susceptible de uso, cando menos, desde o momento da solicitude de incorporación ao programa.
- Reunir as condicións esenciais de habitabilidade e idoneidade para o seu arrendamento.
- Estar de alta nas subministracións básicas de auga, lixo, gas e /ou electricidade ou susceptible de estalo no momento da formalización do contrato de arrendamento e estar ao día no pagamento dos correspondentes recibos.

2. As vivendas poderanse arrendar con ou sen mobles, pero, en calquera caso, deberán contar con instalación de auga quente, con cociña equipada con mobiliario e electrodomésticos básicos, entendéndose por tales cociña, forno, frigorífico e lavadora.

3. Poderán incorporarse ao programa calquera tipo de vivendas que reúnan as condicións sinaladas nos apartados anteriores sexa cal sexa a súa tipoloxía edificatoria (residencial colectiva nun edificio en réxime ou non de propiedade horizontal; vivenda unifamiliar; complexo inmobiliario; etc.).

4. Non será preciso que a vivenda estea inscrita no censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia creado e regulado polo Decreto da Xunta de Galicia 17/2016 de 18 de febreiro (DOG do 26 de febreiro de 2016).

5. No programa non se admitirán vivendas que non reúnan as condicións, requisitos e características sinaladas neste artigo. Tampouco se admitirán as solicitudes de incorporación daquelas vivendas nas que a criterio do Concello conorra algunha das seguintes circunstancias: ter un contorno que as faga dificilmente alugables, en atención á situación, ás características ou ás condicións de accesibilidade da vivenda ou do edificio ao que pertenza; ou cando para reunir as condicións esenciais de habitabilidade e idoneidade sexa necesario a realización de obras que requiran un prazo de execución estimado superior a tres meses.

Artigo 2. Renda taxada

O prezo da renda do aluguer das vivendas incorporadas ao Programa de Vivendas Baleiras non poderá ser superior á 300€. Para os efectos de determinarse o prezo das vivendas de superficie menor a 90 m² seguiranse os seguintes criterios:

- Para efectos de determinar este prezo máximo, establécese unha superficie máxima computable das vivendas de 90 metros cadrados.
- Entenderase que dito prezo máximo inclúe os anexos, rocho e garaxe, que xunto á vivenda sexan obxecto do contrato de arrendamento.
- Deste xeito, o prezo máximo por metro cadrado destas vivendas será de 3,33 € sempre que a vivenda dispoña de rocho e garaxe. En caso contrario, poderase minorar este prezo máximo nun 8% cando careza de garaxe e nun 2% cando careza de rocho.
- Para fixar o importe da renda, tamén se poderá ter en conta os prezos medios de mercado da zona onde estea situada a vivenda, se se acredita que estes son inferiores aos obtidos mediante a aplicación do previsto neste artigo.
- Prezo máximo de renda por vivenda:

Renda máxima	superficie tipo	Prezo máximo/m ²
300€	90m ²	3,33€

- De acordo co establecido cláusula cuarta, punto segundo, do convenio de colaboración entre o IGVS e a FEGAMP, a correspondente comisión de seguimento e coordinación poderá modificar o citado límite ata un 15% cando se acrediten circunstancias que motiven a necesidade de incrementar ou reducir o importe da renda fixada con carácter xeral, así coma no caso de que as persoas arrendatarias sexan integrantes dunha familia numerosa, na unidade familiar haxa algunha persoa con mobilidade reducida ou cando concorra algunha outra causa debidamente motivada.
- En todo caso o prezo da renda concreta de cada vivenda determinarase no informe municipal da inspección técnica.

Artigo 3. Posta a disposición das vivendas

1. A posta a disposición das vivendas para o seu arrendamento no marco do Programa de vivendas baleiras, realizarase de forma voluntaria polos seus titulares.

2. A posta a disposición suporá o compromiso de arrendar a vivenda no marco do Programa de vivendas baleiras por un prezo non superior á renda taxada.

3. A duración da posta a disposición da vivenda será de tres anos, contados a partir da data de inicio dos efectos do primeiro contrato de arrendamento que se subscriba no marco do programa.

CAPÍTULO II. PROCEDIMENTO DE INCORPORACIÓN DE VIVENDAS**Artigo 4 . Solicitud de incorporación de vivendas ao Programa de vivendas baleiras**

1. Poderán solicitar a incorporación ao Programa de vivendas baleiras as persoas titulares das vivendas que cumpran os requisitos e condicións esixidas no artigo 1 das presentes bases así como as persoas físicas e xurídicas que acrediten a disposición de uso destas e/ou estean habilitados para a formalización de contratos de aluguer destas.

2. O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto de xeito permanente para facilitar a máxima participación no programa.

Por resolución da persoa que ostenta a titularidade da Alcaldía ou persoa que ostente as competencias en materia de vivenda, por delegación de aquel, poderase acoutar temporalmente un prazo dentro do ano natural para a presentación de solicitudes; ampliar este e pechalo con antelación á data inicialmente prevista en función de que se acaden ou non un número de vivendas estimadas suficientes para o seu arrendamento nun determinado período ou na correspondente anualidade. As resolucións de modificación ou de peche do prazo de presentación de solicitudes publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello ou na sede electrónica municipal.

3. As solicitudes para a incorporación de vivendas dirixiranse ao Concello e presentaranse no modelo normalizado de solicitude que figura como ANEXO la estas bases, nas oficinas de rexistro do Concello.

4. Xunto coas solicitudes deberá presentarse a seguinte documentación:

- a. NIF da persoa titular da vivenda, ou quen dispoña dun dereito xurídico para efectuar o contrato de arrendamento, achegando documentación xustificativa de dito dereito.
- b. Relación de persoas titulares da vivenda.

- c. Nota simple informativa, actualizada, con indicación de cargas expedida polo Rexistro da Propiedade.
- d. Último recibo do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) da vivenda e, no seu caso, do rocho e/ou garaxe obxecto de arrendamento, ou certificación da referencia catastral. No seu defecto, referencia catastral do inmovible ao que pertenza a vivenda ou a solicitude de declaración catastral xunto coa documentación que permita a identificación da vivenda.
- e. Descrición das características da vivenda e inventario de electrodomésticos e, no seu caso, mobles dos que dispoña a vivenda.
- f. Declaración responsable de que non existen procedementos administrativos ou xudiciais en curso que afecten á vivenda ou a súa titularidade.
- g. Declaración responsable de que a vivenda non ten cargas que impidan o seu arrendamento e que carece de limitacións por razón de legalidade urbanística; así como de que a vivenda está desocupada e susceptible de uso.
- h. Declaración responsable de estar ao día no pagamento dos recibos de auga, luz, gas e lixo.
- i. Declaración responsable do compromiso de poñer a disposición do Concello a vivenda durante tres anos, a contar dende a data de formalización do primeiro contrato, para o seu arrendamento no marco do Programa de Vivendas Baleiras. A permanencia no programa non se prolongará máis alá deste período de tres anos, por causa de sucesivos contratos de arrendamento.

Artigo 5. Inspección Técnica

1. Unha vez completa e correcta a solicitude, o Concello procederá á inspección técnica co obxecto da comprobación das condicións de habitabilidade e idoneidade da vivenda para o arrendamento, así como para a taxación da renda segundo o establecido neste acordo. Logo da visita de inspección elaborárase o correspondente informe técnico sobre o cumprimento das citadas condicións.

2. Se a vivenda precisase obras e actuacións de reforma para reunir as condicións necesarias para o seu arrendamento no marco do Programa de Vivendas Baleiras, faranse constar no informe técnico.

Do dito informe darase traslado ao titular da vivenda para que, no prazo de tres meses, realice as obras e actuacións recollidas neste. Este prazo poderá prorrogarse por un período non superior a dous meses, a petición previa de parte interesada e sempre que quede acreditada a concorrencia de causas imprevistas que xustifiquen a demora na execución das reformas.

Cando na vivenda só se detecten defectos que requiran pequenas reparacións ou reposicións, o prazo para a súa realización será dun mes.

A non realización das reformas ou reparacións nos prazos establecidos, será causa de denegación da incorporación da vivenda ao programa.

3. Comunicada a finalización das obras e actuacións de reforma ou, no seu caso, das pequenas reparacións, realizárase unha nova visita de inspección para comprobar e verificar a súa execución emitíndose o correspondente informe.

Artigo 6. Proposta de incorporación e aceptación das condicións

Unha vez comprobadas as condicións de habitabilidade e idoneidade da vivenda para o seu arrendamento, así como o cumprimento das demais características e requisitos establecidos neste acordo, elaborárase a proposta de incorporación ao Programa de Vivendas Baleiras, condicionada á aceptación das condicións recollidas na mesma para o seu posterior arrendamento.

Na mesma, farase constar, entre outros, o resultado da inspección ou inspeccións realizadas, con indicación das características da vivenda, así como a renda taxada pola que se arrendará a vivenda no marco do Programa de vivendas baleiras.

Artigo 7. Declaración de “vivenda en réxime de arrendamento incorporada ao Programa de vivendas baleiras”

1. Unha vez revisada a vivenda e considerada apta, procederase a súa declaración como “vivenda en réxime de arrendamento incorporada ao Programa de Vivendas Baleiras”. Con carácter mensual comunicárase ao IGVS a relación de vivendas dadas de alta no programa, remitindo unha listaxe con todas elas, nos primeiros cinco días do mes seguinte ao da súa incorporación

2. A declaración será competencia da persoa que ostente a titularidade da Alcaldía, ou de quen a teña delegada e ostente as competencias en materia de vivenda.

3. A incorporación da vivenda ao Programa de vivendas baleiras non outorgará ningún dereito económico, con respecto á obtención das garantías previstas neste acordo, en tanto non se formalice o primeiro contrato de arrendamento.

Artigo 8. Causas de baixa das vivendas

1. Serán causas de baixa:

- a. Polo transcurso do prazo de posta a disposición de tres anos dende o primeiro contrato de arrendamento.
- b. Cando a vivenda quede desocupada por resolución do contrato de arrendamento a instancia ou por causa imputable ao arrendador ou ao arrendatario, no caso de que xa non dea tempo a asinar un novo contrato para o período fixado na cláusula quinta do convenio.
- c. Por incumprimento das obrigas que lle corresponden como persoa propietaria ou arrendadora da vivenda, así como pola inobservancia dos compromisos e condicións derivados da incorporación da vivenda ao Programa de Vivendas Baleiras.
- d. Por tratarse dunha vivenda dificilmente alugable, entendéndose que concorre dita causa cando estando desocupada transcorran máis de nove meses sen formalizar un contrato de arrendamento, por falta de demanda.
Así mesmo, procederá a baixa temporal no programa, cando a vivenda permaneza desocupada por obras.
- e. Cando a vivenda deixe de servir para o uso que se destina, por vicios ocultos, caso fortuíto ou forza maior, así como por calquera outra causa que xustifique a exclusión do programa.

TÍTULO II. CONDICIÓNS PARA O ACCESO ÁS VIVENDAS INCORPORADAS AO PROGRAMA

CAPÍTULO I. DEMANDANTES DE VIVENDA EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO INCORPORADAS AO PROGRAMA

Artigo 9. Requisitos das persoas demandantes de vivenda do Programa

Enténdese como unidade familiar ou de convivencia, ao conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas. Unha unidade de convivencia pode estar composta por varias unidades familiares, interesadas en acceder a unha vivenda en réxime de arrendamento incorporada ao Programa de vivendas baleiras.

As unidades familiares ou de convivencia deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter uns ingresos entre 1 e 2,5 veces o IPREM, de acordo co prorrateo establecido no artigo 12. Excepcionalmente, poderá exceptuarse do cumprimento de acreditar o límite mínimo de ingresos cando se trate de situacións de emerxencia social que deberán ser singularmente avaliadas. En todo caso, deberase acreditar no expediente de adxudicación a percepción duns ingresos económicos mínimos ou de axudas, públicas ou privadas, que lles permitan facer fronte ás obrigas económicas que deriven do contrato de arrendamento. Nestes supostos, con carácter previo á adxudicación deberá revisarse a situación particular no seo da Comisión de Seguimento prevista no convenio que deberá verificar a suficiencia de recursos para o pago da renda, elevando a proposta correspondente ao órgano municipal competente.

Con carácter xeral, a renda que debe aboar a persoa inquilina non debe ser superior ao 30% dos seus ingresos, cuestión que deberá de quedar debidamente acreditada no expediente de adxudicación .

- b) Non ter a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia unha vivenda en propiedade, a menos que non dispoña do seu uso e desfrute, nin do usufruto doutra vivenda en todo o territorio nacional, ou se trate dunha vivenda inadecuada ou insuficiente.

Entenderanse como condicións de inadecuación ou insuficiencia as seguintes:

- 1) Presúmense inadecuados os edificios e vivendas que non teñan unha finalidade propiamente residencial e os que se atopen en situación de ruína, así como as vivendas que teñan deficiencias, non imputables á falta de mantemento por parte da persoa solicitante, que afecten de forma notoria á habitabilidade, debidamente acreditadas por técnico competente.
 - 2) Considérase que unha vivenda ten unha superficie insuficiente para a composición da unidade familiar cando a cada ocupante lle correspondan menos de 10 m² de superficie útil, non computándose para o efecto a correspondente a baños, corredores e tendais.
 - 3) Enténdese que unha vivenda é inadecuada por causa de mobilidade cando a súa configuración arquitectónica, distribución espacial, localización ou accesos supoñan unha grave perda de funcionalidade para a persoa membro da unidade familiar ou de convivencia con mobilidade reducida.
- c) Atoparse nunha situación persoal ou familiar que supoña unha dificultade para acceder a unha vivenda de alugueiro no mesmo municipio.

- d) Non ter parentesco por vínculo de matrimonio ou outra relación estable análoga, por consanguinidade ou adopción, ata segundo grado, coas persoas arrendadoras.
- e) Deberá quedar acreditado o grao de integración social. En concreto, non haberá antecedentes de ter incumplido reiteradamente as normas de convivencia. A estes efectos, poderán ser excluídas aquelas persoas que en virtude do informe emitido polos servizos sociais, conste que incumpriron reiteradamente as normas de comunidade.

Artigo 10. Colectivos prioritarios

1. Para o acceso ás vivendas en réxime de arrendamento incorporadas ao Programa de vivendas baleiras, terán a condición de colectivos prioritarios os seguintes:

- a) Unidades familiares ou de convivencia afectadas por procedementos de execución hipotecaria, sen necesidade de que exista unha resolución xudicial de finalización do citado procedemento xudicial.
- b) Unidades familiares ou de convivencia afectadas por un procedemento xudicial de desafiuzamento por impagamento de rendas da súa vivenda habitual.
- c) Unidades familiares ou unidades de convivencia con fillos menores así como familias numerosas e familias monoparentais con fillos a cargo.
- d) Unidades familiares ou de convivencia nos que existan mulleres vítimas de violencia de xénero, sempre que o documento acreditativo da situación de violencia fora adoptado ou emitido nos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da vivenda. Así mesmo, será preciso que a orde de protección ou a medida cautelar estean vixentes.
- e) Unidades familiares ou de convivencia nos que existan persoas maiores de 65 anos, persoas con dependencia ou con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %.
- f) Unidades familiares ou de convivencia nas que existan persoas que foran beneficiarias de axudas ao aluguer no marco de programas xestionados polo IGVS e que, unha vez vencido o período máximo de percepción destas, permanezan nunha situación de desprotección ou especial vulnerabilidade.
- g) Unidades familiares ou de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.

2. A pertenza a un destes grupos acreditarase documentalmente ou mediante informe do servizo social do Concello onde se atopa a vivenda ou onde resida a unidade familiar ou de convivencia ou calquera medio de proba válido en dereito que o acredite.

Artigo 11. Entidades sen ánimo de lucro

Sen prexuízo do anterior, o Concello tamén poderá adxudicar as vivendas incorporadas ao Programa de Vivendas Baleiras a aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro para ser destinadas aos colectivos sinalados anteriormente.

Para estes efectos, as entidades deberán de inscribirse no programa coma demandantes.

Artigo 12. Determinación e ponderación de ingresos

1. Os ingresos da unidade de convivencia, determinaranse calculando o prorrateo mensual dos ingresos netos correspondentes a cada un dos seus membros durante os tres meses anteriores ao da presentación da solicitude.

2. Aos ingresos familiares determinados consonte ao anterior aplicarase, en función do número de membros da unidade familiar, o coeficiente multiplicador corrector seguinte:

- Familias de un membro: 1,00.
- Familias de dous membros: 0,90.
- Familias de tres membros: 0,80.
- Familias de catro membros: 0,75.
- Familias de cinco ou máis membros: 0,70.

3. No caso de unidades de convivencia compostas por máis dunha unidade familiar, os ingresos de cada unidade familiar, computados e ponderados conforme aos apartados anteriores, sumaranse e o resultado deberá estar comprendido dentro do límite máximo de ingresos para acceder a este programa.

Artigo 13. Renda máxima segundo nivel de ingresos

As unidades familiares ou de convivencia que reúnan os requisitos e condicións establecidas neste acordo, poderán optar ás vivendas en réxime de arrendamento incorporadas ao Programa de vivendas baleiras cuxo prezo de renda mensual non sexa superior ao 30% dos seus ingresos, salvo nos casos excepcionais previstos neste acordo. Esta situación que deberá ser comprobada e certificada polo Concello, quedará debidamente acreditada no expediente de adxudicación da vivenda.

CAPÍTULO II. REXISTRO MUNICIPAL DE SOLICITANTES DE VIVENDA

Artigo 14. Solicitud de incorporación

1. Todas as unidades familiares ou de convivencia que queiran acceder a vivendas en réxime de arrendamento incorporadas ao Programa de vivendas baleiras deberán solicitalo ante o Concello.

2. O Concello anotará nun rexistro municipal creado para o efecto, aos solicitantes asignándolles un numero de orde e coa indicación de alegación de pertenza a algún dos colectivos prioritarios definidos no artigo 10.

3. Na adxudicación da vivenda terase en conta o citado número de orde, xunto coa necesidade de casar as características da unidade de convivencia coa das vivendas de alta no programa e a renda mensual. Poderá valorarse, tamén, a necesidade urxente de vivenda nos casos de emerxencia social.

4. A solicitude realizarase no modelo que figura como Anexo II a este acordo e xunto con ela deberá presentarse debidamente a documentación sinalada no artigo seguinte.

5. Calquera variación nas circunstancias persoais ou económicas da unidade familiar ou de convivencia que se produza con posterioridade á solicitude inicial de incorporación ao programa será comunicada de xeito oficial, mediante a achega da documentación que a acredite.

Artigo 15. Documentación

1. Xunto coa solicitude deberá acompañarse a documentación xeral e mais a específica para determinados colectivos que se relacionan nos apartados 2 e 3 deste artigo.

2. Documentación xeral:

- a) Acreditación dos ingresos netos correspondentes a cada un dos seus membros durante os tres meses anteriores ao da presentación da solicitude.
- b) Fotocopia do DNI ou NIE de todas as persoas membros da unidade familiar ou de convivencia; no caso de fillos menores de idade que non teñan DNI, fotocopia do Libro de Familia; e no caso de estranxeiros NIE.

3. Documentación específica para determinados colectivos:

- a) Mulleres vítimas de violencia de xénero. Para a acreditación da dita situación deberá achegarse algún dos seguintes documentos:
 - Certificación da orde de protección ou medida cautelar, testemuño ou copia autenticada da secretaría xudicial da propia orde de protección ou medida cautelar.
 - Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare dita situación.
 - Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
 - Informe dos servizos de acollida.
 - Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local.
 - Calquera outro que se estableza legal ou regulamentariamente para a acreditación da dita situación.
- b) As familias numerosas: acreditación da condición de familia numerosa .
- c) As familias monoparentais con fillos: acreditación da citada condición.
- d) As persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida: certificación de dependencia ou discapacidade expedida polos correspondentes servizos da Consellería de Política Social.
- e) Persoas perceptoras de prestacións: certificación ou informe sobre a contía da prestación percibida.
- f) No seu caso, documentación acreditativa da perda do dereito ao uso da vivenda na que residiran con anterioridade (demanda ou sentenza de desafiuzamento en calquera instancia xurisdiccional, etc), ou da perda das condicións de habitabilidade da vivenda (informe do técnico municipal).

4. Declaración xurada de non ter, a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia, unha vivenda en propiedade, a menos que non dispoña do seu uso e desfrute, nin do usufruto doutra vivenda en todo o territorio nacional. O Concello poderá solicitar un índice de titularidades rexistradas inmobiliarias da persoa solicitante, ou da súa unidade de convivencia, no caso de consideralo necesario.

Artigo 16. Causas de baixa no rexistro de solicitantes de vivenda.

1. Serán causas de baixa no rexistro de demandantes as seguintes:

- a) Deixar de cumprir os requisitos establecidos nestas bases.
- b) Ter renunciado por dúas veces a vivendas adxudicadas ao abeiro deste programa. Non se poderán volver a anotar ata que transcorra un ano desde a data da última renuncia.

Para estes efectos, non se terán en conta as renunciacións nas que concurra algunha das causas xustificadas como que a vivenda está situada nunha zona afastada do contorno familiar, laboral ou asistencial, sempre que quede suficientemente acreditada a especial dificultade que iso suporía para a vida cotián da unidade familiar ou de convivencia.

- c) Non ocupar a vivenda no prazo dun mes desde a subscripción do contrato de arrendamento, agás causa de forza maior.
- d) Ter resolto o contrato formalizado ao amparo do programa de vivendas baleiras por falta de pago da renda do arrendamento da vivenda ou por calquera outra causa imputable á arrendataria. Nestes supostos, non se poderán volver a anotar no Rexistro ata que transcorra 1 ano desde a data da desocupación ou desaloxo da vivenda incorporada ao Programa.

2. A celebración dun contrato de arrendamento ao abeiro do Programa de vivendas baleiras producirá a baixa automática no rexistro.

TÍTULO III. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E RELACIÓN ARRENDATICIA

CAPÍTULO I. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN

Artigo 17. Principios xerais

1. A selección de arrendatarios/as e a adxudicación de vivendas incorporadas ao Programa de vivendas baleiras realizarase entre as unidades familiares e de convivencia que reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases e de acordo cos seguintes principios e criterios:

- Publicidade, concorrencia competitiva, transparencia e obxectividade.
- Correspondencia da renda do aluguer co nivel de ingresos da unidade familiar ou de convivencia, segundo o sinalado neste acordo.
- Máxima adecuación das vivendas ás preferencias, características e composición da unidade familiar ou de convivencia.
- Valoración das necesidades de emerxencia que precisen dunha urxente adxudicación.

2. Terán prioridade para ser adxudicatarias as unidades familiares ou de convivencia pertencentes aos colectivos prioritarios definidos nas bases da convocatoria, ou con necesidade urxente de vivenda nos casos de emerxencia social.

Artigo 18. Procedemento de selección de arrendatarios e adxudicación de vivendas

1. A selección de potenciais arrendatarios realizarase entre as unidades familiares ou de convivencia anotadas no Rexistro, segundo os principios e criterios de prioridade e preferencia sinalados nas presentes bases.

2. O Concello poderá verificar o cumprimento dos requisitos das unidades familiares ou de convivencia que resulten seleccionadas e, no seu caso, requirir a documentación que sexa precisa para a comprobación das circunstancias alegadas, no caso de non telo feito antes.

3. A persoa que ostente a Alcaldía do Concello, ou aquela en quen delegue, adxudicará as vivendas de acordo aos criterios mencionados no artigo 14.3, e comunicarllo á persoa adxudicataria para que acepte ou rexeite a solicitude no prazo máximo de cinco días hábiles.

4. Unha vez aceptada a adxudicación, procederase á formalización do contrato de arrendamento de acordo co establecido no artigo 19.

5. Nos supostos en que os ingresos das unidades solicitantes non acaden o IPREM poderase proceder, a criterio do correspondente órgano municipal, a valorar a posibilidade de adxudicación excepcional de acordo ao establecido no artigo 9.a)

6. De acordo ao establecido no artigo 11, os concellos tamén poderán adxudicar as vivendas incorporadas ao Programa de Vivendas Baleiras a aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro para ser destinadas aos colectivos sinalados anteriormente.

7. Unha vez asinado o contrato a unidade de convivencia beneficiaria deberá empadroarse na vivenda adxudicada.

CAPÍTULO II. CONTRATO DE ARRENDAMENTO E RELACIÓN ARRENDATICIA

Artigo 19. Formalización do contrato de arrendamento

1. O contrato de arrendamento será formalizado por escrito no modelo-tipo que figura como ANEXO III e asinarase pola arrendadora e a arrendataria, deberase presentar unha copia na correspondente oficina municipal o mesmo día da súa sinatura, de non terse realizado a sinatura nas propias dependencias municipais.

2. Ao contrato de arrendamento xuntarase o inventario da vivenda, asinado por ambas as dúas partes en proba da súa conformidade co estado e condicións de ocupación da vivenda. Así como unha declaración responsable de todas as persoas integrantes da unidade familiar ou de convivencia que residirán na vivenda.

3. Cando para a determinación dos requisitos de renda se teñan en conta os ingresos de máis dunha persoa integrante da unidade de convivencia, o contrato de arrendamento será asinado por todos eles, asumindo expresamente de xeito solidario a responsabilidade que se puidera derivar polo impagamento da renda.

4. No momento da formalización do contrato, a persoa arrendataria aboará a primeira mensualidade por adiantado, e fará entrega da fianza en contía equivalente a unha mensualidade da renda. A parte arrendadora deberá proceder ao seu depósito no correspondente servizo do IGVS, na mesma data da sinatura do contrato, e entregará unha copia do resguardo para o arquivo no correspondente expediente.

5. A formalización do contrato será comunicada ao IGVS de acordo ao establecido nos protocolos asinados coas compañías aseguradoras para que proceda a activar as coberturas de seguro vixentes. Esta comunicación deberá estar acompañada dun certificado municipal de cumprimento dos requisitos esixidos.

Artigo 20. Condicións básicas do contrato de arrendamento

1. Serán requisitos e condicións necesarias que deberán de constar de modo expreso nos contratos que se subscriban ao amparo do Programa de Vivendas Baleiras, as seguintes:

- a. A vivenda deberá destinarse a domicilio habitual e permanente da arrendataria e de todos os compoñentes da súa unidade familiar ou de convivencia, durante toda a vixencia do contrato.
- b. Non ter relacións de parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou afinidade coa arrendadora. Ou, no seu caso, non ser socio ou partícipe da persoa xurídica que actúa como arrendadora.
- c. A arrendataria, agás por causa de forza maior, deberá ocupar a vivenda no prazo dun mes desde a data de efectos do contrato de arrendamento.
- d. A arrendataria non poderá ceder nin subarrendar, total ou parcialmente, a vivenda.
- e. O contrato de arrendamento terá unha duración inicial dun ano, e prorrogarase obrigatoriamente por períodos anuais ata acadar unha duración de tres anos, agás que a arrendataria manifieste a arrendadora, e ao Concello, con 45 días de antelación, como mínimo, á data de terminación do contrato ou de calquera das súas prórrogas, a súa vontade de non renovar.
- f. A renda pactada non poderá ser superior á taxada polo Concello, e poderá ser actualizada anualmente aplicando a variación porcentual do Índice Xeral Nacional do Sistema de Índices de Prezos de Consumo (IPC), de acordo co establecido no artigo 18 da Lei de arrendamentos urbanos.
- g. A renda deberá aboarse en pagos mensuais anticipados, dentro dos dez primeiros días de cada mes, na conta que se designe ao efecto.
- h. Os gastos xerais para o adecuado sostemento do inmovible, servizos, tributos, cargas e responsabilidades, serán a cargo da arrendadora, incluíndo neste concepto, das cotas da Comunidade de Propietarios, así como o importe do Imposto de Bens Inmóveis (IBI).
- i. Os pagamentos das subministracións da vivenda, incluída a recollida de lixo, serán por conta da arrendataria.
- j. A prohibición da percepción de sobrepazos ou cantidades distintas á renda do aluguer pactada no contrato de arrendamento
- k. A arrendataria deberá cumprir os deberes impostos pola Lei de arrendamentos urbanos, en especial, os relativos ao uso e conservación da vivenda; así como respectar e observar as normas esenciais de convivencia e os estatutos e normas de réxime interno da Comunidade de Propietarios.

1. As obras de reparación necesarias para a conservación da vivenda serán por conta da arrendadora, agás as pequenas reparacións derivadas do desgaste polo uso ordinario da vivenda que serán por conta da arrendataria.
2. Serán causas de resolución do contrato o incumprimento das obrigas establecidas no apartado 1 anterior, responsabilidade da arrendataria. En todo caso, no contrato de arrendamento deberán constar de modo expreso as seguintes causas de resolución:
 - a. A falta de ocupación da vivenda no prazo dun mes desde a data de efectos do contrato de arrendamento.
 - b. O incumprimento da obriga do pago da renda no prazo e forma segundo o establecido no apartado anterior.
 - c. Causar graves desperfectos na vivenda ou incumplir as normas esenciais de convivencia.
 - d. A non realización pola arrendadora das reparacións necesarias para conservar a vivenda en condicións de habitabilidade e de servir para o uso que se destina.
3. A solicitude de resolución anticipada do contrato de arrendamento deberá ser comunicada á persoa propietaria e ao Concello, como mínimo, con dous meses de antelación.

Artigo 21. Incidencias na vivenda ou no pagamento da renda

1. Incidencias no pagamento da renda: calquera incidencia co pagamento da renda deberá ser comunicada inmediatamente, pola persoa propietaria, á compañía de seguros de impagamento de rendas e ao Concello.
2. Sinistros na vivenda: a persoa inquilina, ou a propietaria, comunicaranlle á compañía de riscos no fogar calquera incidencia producida na vivenda. No caso de que as incidencias producidas puidesen supoñer a necesidade de baixa temporal da vivenda, pola gravidade das mesmas, tamén darán comunicación ao Concello, para que se poidan avaliar as medidas para adoptar.

Artigo 22. Finalización da relación arrendaticia

Unha vez rematada a relación arrendaticia xa sexa polo cumprimento do prazo máximo establecido ou por calquera outra causa, o Concello dará comunicación ao IGVS de acordo ao establecido no protocolo de actuación.

Artigo 23. Comunicación ao IGVS das altas e baixas das vivendas e dos contratos de arrendamento.

O IGVS e as compañías aseguradoras redactaran un protocolo de actuación para a comunicación das altas e baixas das vivendas e dos contratos de arrendamento, ás que deberán adaptarse as comunicacións do Concello.

No citado protocolo estableceranse os prazos de comunicación das altas, baixas e prórrogas, os formatos dos arquivos e calquera outra cuestión necesaria para facilitar a xestión do programa.

Artigo 24. Comprobación e seguimento

1. Nos diferentes procedementos previstos neste acordo o Concello poderá requirir ás persoas interesadas canta documentación e información estime conveniente para valorar o cumprimento dos requisitos e demais circunstancias relevantes para a resolución do correspondente expediente. En todo caso, a resolución será denegatoria cando se comprobe a falsidade ou ocultación dos datos esixidos.
2. Así mesmo, as solicitantes poderán achegar toda a documentación complementaria estimen pertinente para acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos en cada caso.
3. Para a comprobación e seguimento do mantemento dos requisitos e cumprimento das obrigas derivadas da incorporación ao programa, da posta a disposición das vivendas e da relación arrendaticia, o Concello poderá realizar todas as actuacións de comprobación e inspección que estime oportunas conducentes á dita finalidade.
4. As persoas titulares das vivendas e as unidades convivencia teñen a obriga de facilitar este labor de comprobación e inspección, permitindo a entrada na vivenda aos axentes das aseguradoras contratadas polo IGVS para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras, cando o caso así o requira.

Betanzos, 19 de abril de 2017

O alcalde

José Ramón García Vázquez

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
INCORPORACIÓN DE VIVENDAS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS		SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR PORTA
PARROQUIA				LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL / FAX		CORREO ELECTRÓNICO			

(Datos da persoa representante legal)

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)						
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR PORTA
PARROQUIA				LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				

DATOS DA VIVENDA					
ENDEREZO (praza, rúa, n.º, andar e letra)					CÓDIGO POSTAL
LOCALIDADE		CONCELLO		PROVINCIA	
REFERENCIA CATASTRAL	TIPO DE VIVENDA (2) <input type="checkbox"/> LIBRE <input type="checkbox"/> PROTEXIDA (neste caso cubrir os seguintes cadros) Data de cualificación: N.º expediente:				

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

Que todos os datos contidos nesta solicitude, nos seus anexos e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- NIF da persoa titular da vivenda, ou quen dispoña dun dereito xurídico para efectuar o contrato de arrendamento.
- Relación de titulares da vivenda e declaración responsable (modelo documento 1).
- Nota simple informativa, actualizada, con indicación de cargas, expedida polo Rexistro da Propiedade.
- Último recibo do Imposto de Bens Inmóbles (IBI) da vivenda e, no seu caso, do garaxe obxecto de arrendamento, ou certificación da referencia catastral, no seu defecto, referencia catastral do inmovible ao que pertenza a vivenda e a solicitude de declaración catastral xunto coa documentación que permita a identificación da vivenda.
- Descrición das características da vivenda e inventario de electrodomésticos e, no seu caso, mobles de que dispoña a vivenda (modelo documento 2).
- Declaración responsable de estar ao día no pagamento dos recibos de auga, luz e/ou gas.
- Declaración responsable relativa, (documento 3):
 - Non existen procedementos administrativos ou xudiciais en curso que afecten á vivenda ou á súa titularidade.
 - A vivenda non ten cargas que impidan o seu arrendamento e carece de limitacións por razón de legalidade urbanística.
 - A vivenda está desocupada e susceptible de uso.
 - Estar ao día no pagamento das subministracións da vivenda: auga, luz, gas...
 - Comprométese a poñer a vivenda a disposición do Concello, para ofertala en arrendamento durante un período de tres anos, a contar desde a data de formalización do primeiro contrato de arrendamento, e a aceptar as demais condicións e servizos previstos no Programa de Vivendas Baleiras.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da municipal co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante <a/o órgano que corresponda>, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a correo@betanzos.net

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Órgano do Concello ao que vai dirixido...

PROCEDEMENTO	INCORPORACIÓN DE VIVENDAS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS	CODIGO PROCEDIMIENTO
DOCUMENTO 1	RELACIÓN DE TITULARES DA VIVENDA – DECLARACIÓN	

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE: APELIDOS E NOME / DENOMINACIÓN (agrupacións persoas físicas)		NATURALEZA SOLICITANTE (1)	
		NIF	
DATOS DA VIVENDA <small>Enderezo (praza, rúa, n.º andar e letra)</small>		CODIGO POSTAL	LOCALIDADE/CONCELLO/PROVINCIA
			REFERENCIA CATASTRAL

(1) *Especificarse se se trata de persoas físicas, comunidades de bens, comunidade de propietarios, outros (concretar)*

RELACIÓN DE TODAS AS PERSOAS TITULARES DA VIVENDA DE REFERENCIA

APELIDOS E NOME	DNI / NIF	TÍTULO (2)	% DE PARTICIPACIÓN (3)	SINATURA	AUTORIZACIÓN (4) <i>Obtención datos identidade</i>
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
					<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

(2) Propietario/a, un/ha propietario/a ou usufrutuario/a.

(3) % de cada un na titularidade da vivenda.

(4) Autorización á Administración para a obtención telemática de datos de identidade. No caso de non autorizarse deberá achegar copia do NIF ou NIE. No caso de menores de idade ou persoas con discapacidade, deberá asinar o seu representante, neste caso deberá acompañarse escrito onde se faga constar este extremo e a documentación que acredite a representación.

DECLARACIÓN RESPONSABLE: As persoas titulares da vivenda de referencia estamos conformes coa presentación da solicitude de incorporación da vivenda ao Programa de vivendas baleiras, a persoa que vai actuar na nosa representación en todos os actos e xestións que se precisen ao abeiro do Programa de vivendas baleiras a é don/a _____

NIF _____

_____, a _____ de _____ de 20 _____

(Sinatura do/a solicitante ou representante)

INCORPORACIÓN DE VIVENDAS AO PROGRAMA VIVENDAS BALEIRAS		CODIGO PROCEDEMENTO
DOCUMENTO 2	CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA E INVENTARIO	

DATOS DA VIVENDA

ENDEREZO (praza, rúa, n.º, andar e letra)		CODIGO POSTAL
LOCALIDADE	CONCELLO	PROVINCIA
REFERENCIA CATASTRAL	TIPO DE VIVENDA (1) <input type="checkbox"/> LIBRE <input type="checkbox"/> PROTEXIDA	
VIVENDA:	Data de cualificación:	N.º expediente:
GARAXE:		

(1) En caso de tratarse dunha vivenda protexida, deberá indicarse a data de cualificación e o número de expediente.

DATOS REXISTRAS (vivenda (*) e garaxe (), no seu caso)**

REXISTRO DA PROPIEDAD DE (CONCELLO) *	TOMO (*)	LIBRO (*)	SECCIÓN (*)	FOLIO (*)	FINCA NÚMERO (*)
REXISTRO DA PROPIEDAD DE (CONCELLO) **	TOMO (**)	LIBRO (**)	SECCIÓN (**)	FOLIO (**)	FINCA NÚMERO (**)
ANO DE CONSTRUCCIÓN DA VIVENDA: _____					

CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA

Número de cuartos: _____	Número de aseos / baños: _____
Cociña: descrición electrodomésticos e mobles	
Instalacións individuais de subministracións (2):	
Auga: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	Luz: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Gas: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	
ANEXOS (2):	
Garaxe: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	Rocho/s: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
SUPERFICIE ÚTIL m ²	
Vivenda: _____ m ²	Garaxe: _____ m ²
Rocho/s: _____ m ²	
Sen mobles: <input type="checkbox"/>	Ascensor: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Semiamoblada: <input type="checkbox"/>	Calefacción: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Amoblada: <input type="checkbox"/>	
OUTRAS CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA	

(2) Indíquese cun X o que proceda

INVENTARIO DE MOBLES

DESCRICIÓN DOS MOBLES:

_____, a ____ de _____ de 20__

(Sinatura do/a solicitante ou representante)

INCORPORACIÓN DE VIVENDAS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS		CODIGO PROCEDIMIENTO
DOCUMENTO 3	DECLARACIÓN RESPONSABLE	

Don/a, con NIF númeroe domicilio
 en
(concello, provincia, rúa, n.º, andar e letra)
 de da vivenda sita no Concello de
(propietario/a, usufrutuário/a, un/ha propietario/a, apoderado/a,
 enderezo
(praza / rúa, n.º, andar e letra)

DECLARO baixo a miña responsabilidade e en nome de todos/as os/as titulares da vivenda, QUE:

- Non existen procedementos administrativos ou xudiciais en curso que afecten á vivenda ou a súa titularidade.
- A vivenda non ten cargas que impidan o seu arrendamento e carece de limitacións por razóns de legalidade urbanística.
- A vivenda está desocupada e susceptible de uso.
- Estar ao día no pagamento das subministracións da vivenda.
- Comprométese a poñer a vivenda a disposición do Concello de para ofertala en arrendamento durante un período de tres anos, a contar desde a data de formalización do primeiro contrato de arrendamento, e a aceptar as s condicións e servizos previstos no Programa de Vivendas Baleiras.

_____, a ____ de _____ de 20__

(Sinatura do/a solicitante ou representante)

CONCELLO DE

PROCEDEMENTO: INSCRICIÓN NO REXISTRO DE DEMANDANTES DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS

ANEXO II

DATOS PERSOAIS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS		NOME	NIF / NIE
CONCELLO DE RESIDENCIA	CONCELLO DO LUGAR DE TRABALLO		N.º DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR OU CONVIVENCIAL

COLECTIVO AO QUE PERTENCE

Colectivos prioritarios:

- | | |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> Persoas afectadas por procedementos de execución hipotecaria. | <input type="checkbox"/> Unidades familiares ou unidades de convivencia con fillos menores |
| <input type="checkbox"/> Persoas afectadas por procedementos de desafuzamento por impago de renda. | <input type="checkbox"/> Persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida igual ou superior ao 33%, e as familias que as teñan ao seu cargo. |
| <input type="checkbox"/> Mulleres vítimas de violencia de xénero. | <input type="checkbox"/> Persoas maiores de 65 anos. |
| <input type="checkbox"/> Familias numerosas. | <input type="checkbox"/> Persoas privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta. |
| <input type="checkbox"/> Familias monoparentais con fillos/as. | <input type="checkbox"/> Persoas que foran beneficiarias de axudas ao aluguer xestionadas polo IGVS, e que agotado o período máximo da axuda, estean en situación de especial vulnerabilidade. |

 e

CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA DEMANDADA EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO

CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA

N.º dormitorios: Amoblado: SI NON IndistintoAscensor: SI NON IndistintoRocho: SI NON IndistintoGaraxe: SI NON Indistinto

Outros: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- Acreditación dos ingresos netos correspondentes a cada unha das persoas membros da unidade de convivencia, durante os tres meses anteriores ao da presentación da solicitude. Persoas perceptoras de prestacións: certificación ou informe sobre a contía da prestación percibida.
- Fotocopia do DNI ou NIE de todas as persoas membros da unidade familiar ou de convivencia; no caso de fillos/as menores de idade que non teñan documento de identidade, fotocopia do Libro de Familia; e no caso de estranxeiros NIE.

_____ a ____ de _____ de 20__
Sinatura

PROCEDEMENTO:	INSCRICIÓN NO REXISTRO DE DEMANDANTES DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS
DOCUMENTO	DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA DETERMINADOS COLECTIVOS

DOCUMENTACIÓN A APORTAR

Persoas afectadas por procedementos de execución hipotecaria.

Persoas afectadas por procedementos de desafiuzamento por impagamento de renda.

Mulleres vítimas de violencia de xénero

- Certificación da orde de protección ou medida cautelar, testemuño ou copia autenticada da secretaría xudicial da propia orde de protección ou medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare esta situación.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe dos servizos de acollida.
- Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- Certificación de dependencia. Calquera outro que estableza.

Familias con fillos/as a cargo e familias numerosas

- Acreditación dos membros da familia ou unidade de convivencia.

Familias monoparentais con fillos/as

- Acreditación de pertencer a este colectivo e certificado de empadramento.

Persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida

- Certificación de dependencia ou discapacidade expedida polos correspondentes servizos da Consellería de Política Social.

Persoas maiores de 65 anos

Unidades familiares ou de convivencia nas que existan persoas que foran beneficiarias de axudas ao aluguer no marco de programas xestionados polo IGVS e que, unha vez vencido o período máximo de percepción destas, permanezan nunha situación de desprotección ou especial vulnerabilidade

- Certificación do IGVS da axuda percibida.

Persoas privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta

- Acreditación da citada circunstancia.

*Indíquese cun "X" o que proceda. Só se poderá optar por un dos colectivos.
A documentación que proceda debe presentarse en orixinal ou fotocopia compulsada.*

CONCELLO DE : _____

CÓDIGO DA VIVENDA: _____

N.º CONTRATO: _____

DATA EFECTOS: _____

CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE VIVENDA

_____, ____ de _____ de 201_

A parte arrendadora (en diante, arrendadora):

Don/Dona _____, maior de idade, con NIF _____, **PODEN SER VARIOS/AS** [no seu nome e dereito]/ [no seu nome e en representación de (*nome e apelidos, con NIF- poden ser varios*), na súa calidade de _____ en virtude de _____]/ [en nome e representación de (*nome e apelidos/ denominación, razón social, con NIF/CIF _____ - **PODEN SER VARIOS/AS***), na súa calidade de _____, en virtude de (*poder, acordo comunidade de propietarios, escritura nomeamento administrador...*)]

E, con domicilio para os efectos de notificacións en (*endereço, código postal, localidade, provincia*).

A parte arrendataria (en diante, arrendataria):

Don/Dona _____, maior de idade, con NIF _____, **PODEN SER VARIOS/As** (*todos os membros da unidade familiar maiores de idade, e os/as menores con ingresos*) [no seu nome]/ [no seu nome e en representación de (*nome, apelidos e NIF- poden ser varios*), na súa calidade de _____ en virtude de _____]/ [en nome e representación de (*nome e apelidos, con NIF _____*)], na súa calidade de _____, en virtude de (*poder, nomeamento tutor...*)]

Con domicilio no inmovible obxecto do arrendamento, así como para efectos de notificacións, respondendo solidariamente, no caso de ser varios os arrendatarios, do cumprimento de todas obrigas e dereitos dimanantes deste.

Ambas as partes se recoñecen a capacidade legal necesaria para celebrar o presente contrato de arrendamento e ao efecto,

DECLARAN:

1.º O presente contrato se celebra no marco do Programa de Vivendas Baleiras.

CONCELLO DE : _____
CÓDIGO DA VIVENDA: _____
N.º CONTRATO: _____
DATA EFECTOS: _____

2.º [A arrendataria non ten relacións de parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou afinidade coa arrendadora].

EXPOÑEN:

I. A arrendadora é [propietaria, usufructuaria, núa propietaria] da seguinte vivenda:

Enderezo: _____

Localidade: _____ (código postal)

Provincia: _____

Superficie útil: _____ m².

Características e inventario: As que figuran no anexo I deste contrato.

[Anexos: un trasteiro de _____ m² e un garaxe de _____ m².]

Referencia catastral vivenda: _____

[Referencia catastral garaxe: _____]

Inscripción: Rexistro da propiedade de _____, ao Tomo _____,
Libro _____, Folio _____, Finca _____.

[Declaración de división horizontal: [Rexistro da propiedade de _____, ao Tomo _____, Libro _____, Folio _____, Finca _____ (vivenda) e Finca _____ (garaxe)] . [En escritura autorizada polo/a notario/a de _____, Don/Dona _____, o _____ de _____ de _____, número de protocolo].

A vivenda esta libre de cargas, gravames, arrendatarios/as e ocupantes, en bo estado e con todos os servizos en funcionamento.

II. A arrendataria está interesada en arrendar o citado inmovible coas características e xunto cos bens mobles, no seu caso, inventariados no anexo I deste contrato, para satisfacer a súa necesidade de vivenda habitual e permanente e das persoas integrantes da súa unidade familiar ou de convivencia que residiran nela (relacionadas na declaración responsable que figura como anexo II deste contrato).

CONCELLO DE : _____
CÓDIGO DA VIVENDA: _____
N.º CONTRATO: _____
DATA EFECTOS: _____

Estando interesadas ambas as partes, levan a cabo o presente **contrato de arrendamento de vivenda** de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

A arrendadora cede en aluguer á arrendataria a vivenda descrita no EXPOSITIVO I e mais no ANEXO I e, de ser o caso, o mobiliario e os anexos vinculados, para servir como residencia habitual e permanente.

A arrendataria declara coñecer e aceptar as características e estado de conservación da vivenda, así como dos seus servizos, instalacións e, de ser o caso, do mobiliario e dos anexos vinculados, que ha examinado previamente, e en especial as súas condicións de habitabilidade e idoneidade para servir ao destino pactado no presente contrato.

Neste acto a arrendadora, conforme á lexislación vixente, fai entrega do correspondente certificado de eficiencia enerxética.

[Neste acto arrendadora fai entrega das chaves a arrendataria.] [A arrendadora comprométese a facer entrega das chaves a arrendataria antes das 10:00 horas do día de efectos deste contrato, comprométese ambas as dúas a facer constar por escrito a entrega e recepción destas, e a facilitar unha copia deste ao Concello.]

SEGUNDA. DESTINO, USO E OCUPACIÓN DA VIVENDA

1.º A vivenda obxecto do presente contrato se destinará única e exclusivamente a satisfacer a necesidade permanente de vivenda da arrendataria e das persoas integrantes da súa unidade familiar ou convivencial.

Non se poderá desenvolver ou instalar na vivenda arrendada ningunha actividade profesional, comercial, industrial o calquera outra das relacionadas no artigo 3.2 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos (en adiante, LAU). E, en ningún caso, se poderán realizar nela actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

Queda prohibida a tenza de animais domésticos, respondendo a arrendataria dos danos que puideran causar.

2.º A arrendataria ten a obriga de usar a vivenda arrendada, establecendo nela o seu domicilio e residencia habitual de todos os membros da súa unidade familiar ou de convivencia.

CONCELLO DE : _____
CÓDIGO DA VIVENDA: _____
N.º CONTRATO: _____
DATA EFECTOS: _____

A falta de uso da vivenda durante un período superior a tres meses, de forma continuada ou fraccionada, no prazo dun ano, será causa de resolución do contrato, a instancia da arrendadora.

3.º A arrendataria esta obrigada a usar a finca arrendada coa debida dilixencia e destinala ao uso pactado, así como a devolvela, no caso de finalización do contrato, tal como a recibe, salvo o deterioro producido polo tempo como consecuencia do uso ordinario ou por causa inevitable.

3.º A arrendataria dispón do prazo dun mes, contado desde a data de efectos do presente contrato, para ocupar a vivenda. A non ocupación neste prazo, agás por causa de forza maior, será causa de resolución do contrato, a instancia do arrendador.

TERCEIRA. PROHIBICIÓN DE CESIÓN E SUBARRENDAMENTO

A arrendataria non poderá ceder o contrato de arrendamento, nin subarrendar total nin parcialmente a vivenda e, no seu caso, anexos obxecto deste contrato. O incumprimento desta obriga será causa de resolución do mesmo.

CUARTA. PRAZO DE DURACIÓN E PRÓRROGAS

1.º O prazo de duración inicial deste contrato é dun ano, comezando a producir efectos o díade..... e ata o..... de.....

Chegado o día do vencemento do contrato, este prorrogarase obrigatoriamente por prazos anuais ata acadar unha duración mínima de tres anos, agás que a arrendataria manifeste por escrito á arrendadora e ao Concello con 45 días de antelación, como mínimo, á data da terminación do contrato ou de calquera das súas prórrogas, a súa vontade de non renovar.

2.º A arrendataria poderá desistir do contrato de arrendamento en calquera momento da súa vixencia, sempre que se dea o correspondente preaviso por escrito á arrendadora e ao Concello cunha antelación mínima de dous meses. En todo caso, a finalización do contrato por esta ou por calquera outra causa terá efectos do último día da correspondente mensuralidade.

QUINTA. PRÓRROGAS POSTERIORES AOS TRES PRIMEIROS ANOS DE VIXENCIA DO CONTRATO

De conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos (en diante, LAU), unha vez transcorrido o prazo de tres anos, se ningunha das partes notifica a outra, polo menos cun mes de antelación, a súa vontade de non renovar, o contrato prorrogarase obrigatoriamente por prazos anuais ata un

CONCELLO DE : _____
CÓDIGO DA VIVENDA: _____
N.º CONTRATO: _____
DATA EFECTOS: _____

máximo de tres anos, agás que a arrendataria manifieste á arrendadora cun mes de antelación á data de terminación de calquera das anualidades, a súa vontade de non renovar o contrato.

SEXTA. RENDA

1. A renda estipulada será de _____ euros anuais (_____ €/anuais), aboándose en pagos mensuais anticipados de _____ euros (_____ €/mes), dentro dos dez primeiros días de cada mes, mediante o ingreso directo na conta
2. A arrendataria entrega neste acto á arrendadora a cantidade de _____ €, correspondente ao primeira mensuralidade do contrato.
3. A arrendataria queda obrigada ao pagamento da renda no prazo e forma pactados. A demora no pagamento da renda na forma estipulada será causa suficiente para a resolución do contrato.
4. Queda prohibida a percepción de sobrepazos ou cantidades distintas á renda do aluguer pactada neste contrato de arrendamento.

SETIMA. FIANZA

A arrendataria entrega neste acto á arrendadora, ademais da cantidade sinalada no apartado anterior, a cantidade de _____ €, contía equivalente a unha mensuralidade de renda, en concepto de fianza. O seu importe non será aplicable, pola soa vontade da arrendataria, ao pagamento de ningunha mensuralidade de renda, aínda no caso de resolución do contrato.

A arrendadora obrígase a depositar a fianza recibida no correspondente servizo do IGVS, na mesma data da sinatura do contrato, entregando no Concello unha copia do resguardo para o seu arquivo no correspondente expediente administrativo.

Ao cumprirse o quinto ano do contrato, no caso de prórroga deste, a fianza será actualizada ata facerse igual ao prezo mensual da renda da correspondente anualidade.

A fianza será devolta á parte arrendataria ao final do arrendamento logo da constatación pola arrendadora de que a vivenda e anexos, no seu caso, estean nas mesmas condicións de uso e habitabilidade nas que foi entregada agás o deterioro que se puidese producir polo tempo como consecuencia do seu uso normal ou por causa inevitable-, e estea ao corrente de pago daqueles gastos que deben ser aboados por ela (tales como subministracións) vivenda e das mensuralidades da renda. Noutro caso, o seu importe poderá aplicarse pola arrendadora, sen prexuízo da responsabilidade ilimitada da arrendataria, ao pagamento das reparación, débedas e responsabilidades contraídas.

CONCELLO DE : _____
CÓDIGO DA VIVENDA: _____
N.º CONTRATO: _____
DATA EFECTOS: _____

O saldo da fianza que, no seu caso, deba ser restituído á arrendataria ao final do contrato devengarás o xuro legal transcorrido un mes desde a entrega das chaves pola mesma sen que se fixese efectiva dita restitución.

OITAVA.- ACTUALIZACIÓN DA RENDA

Durante toda a vixencia deste contrato, incluídas as prórrogas, a renda actualizarase anualmente consonte á variación porcentual experimentada polo índice xeral nacional do sistema de índices de prezos de consumo (IPC), tomando como mes de referencia para a primeira e sucesivas actualizacións o que corresponda ao último índice publicado na data de celebración do contrato segundo o establecido no artigo 18.º da LAU. A cantidade que resulte de cada revisión considerárase renda a tódolos efectos.

NOVENA: GASTOS

1. Os gastos xerais para o adecuado sostemento do inmovible, servizos, tributos, cargas e responsabilidades serán por conta da arrendadora, incluíndo neste concepto o pagamento das cotas da comunidade de propietarios, así como o importe de bens inmovibles (IBI).

2. Serán por conta da arrendataria os gastos correspondentes ás subministracións da vivenda con contadores individuais ou, no seu caso, centralizados, tales como auga, electricidade, gas, calefacción, teléfono, etc... así como os prezos, taxas ou tributos polos servizos que reciba ou lle beneficien, como por exemplo a taxa pola recollida de lixo e similares.

No caso de servizos ou subministracións centralizadas, o custo mensual do servizo ou subministración de _____ será [de _____ €] [o _____ % do importe dos correspondentes recibos] [proporcional á cota de participación que corresponda ao inmovible arrendado] [a cota fixada pola comunidade de propietarios].

A arrendataria deberá domiciliar os gastos correspondentes ás subministracións, quedando en todo caso obrigado ao inmediato reembolso á arrendadora de ser satisfeitos por esta.

OPTATIVO PARA A ARRENDADORA: A arrendataria comprométese a poñer ao seu nome os servizos individualizables mediante aparato contador, e a arrendadora a achegar e facilitar a documentación pertinente para a realización do trámite de modificación da alta nos subministración.

DÉCIMA: COMUNIDADE DE PROPIETARIOS/AS E NORMAS DE CONVIVENCIA

CONCELLO DE : _____
CÓDIGO DA VIVENDA: _____
N.º CONTRATO: _____
DATA EFECTOS: _____

A arrendataria sométese ao réxime da propiedade horizontal do inmovible onde se encontra situada a vivenda e se compromete expresamente a observar os estatutos e normas de réxime interno da comunidade de propietarios, coidando do seu cumprimento e obrigando aos seus visitantes a respetalos, así como a observar as normas esenciais de convivencia. Igualmente, a arrendataria evitará calquera dano ou emprego abusivo da finca arrendada e dos seus elementos comúns, e respetarán ao máximo ás persoas que constitúen dita comunidade.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CONSERVACIÓN DA VIVENDA

1. A arrendataria está obrigada a manter a vivenda arrendada e, no seu caso, o mobiliario, así como as súas instalacións, conducións e servizos, en bo estado de uso, conservación, limpeza e seguridade, realiza as reparacións e reposicións necesarias que sexan da súa conta, e responsabilízase dos danos e deterioros que se produzan nesta ou se causen a terceiros.
2. A arrendadora esta obrigada a realizar, sen elevar por isto a renda, todas reparacións que sexan necesarias para conservar a vivenda nas condicións de habitabilidade para servir ao uso pactado, agás que o deterioro de cuxa reparación se trate sexa imputable ao arrendatario a tenor do disposto nos artigos 1563 e 1564 do Código Civil.
3. Serán por conta da arrendataria as pequenas reparacións derivadas ou que esixa o desgaste polo uso ordinario da vivenda, así como a do mobiliario, no seu caso.
4. No caso de que na vivenda teña caldeira e instalación de gas ou doutras subministracións nas que sexa obrigatoria a revisión periódica, a arrendataria deberá facilitar a revisión aos servizos técnicos correspondentes, e será por conta da arrendadora o custo da revisión. Se das resultas da revisión fose necesario realizar algún tipo de reparación derivada do desgaste polo uso ordinario ou por causa imputable a arrendataria,, as reparacións serán da súa conta.

DÉCIMO SEGUNDA. OBRAS DA ARRENDATARIA

1. A arrendataria non poderá realizar sen o consentimento da arrendadora, expresado por escrito, ningún tipo de obras de mellora ou modificación na vivenda ou accesorios, aínda que non se altere a configuración da vivenda ou dos materiais nela empregados. En todo caso, as obras que se autoricen serán de conta e cargo da arrendataria e quedarán en beneficio do inmovible arrendado sen dereito a reintegro ou indemnización algunha.
2. Queda expresamente prohibido perforar e/ou aburatar as paredes de cociña e baños da vivenda ou calquera outras que estean azulexadas ou embaldosadas.

CONCELLO DE : _____
CÓDIGO DA VIVENDA: _____
N.º CONTRATO: _____
DATA EFECTOS: _____

3. Sen prexuízo da facultade de resolver o contrato, a arrendadora que non autorizase por escrito a realización das obras poderá esixir ao concluír o contrato, que a arrendataria repoña as cousas ao estado anterior ou conservar a modificación efectuada, sen que esta poida reclamar indemnización algunha.

Se as obras provocaron algunha unha diminución da estabilidade da edificación ou da seguridade da vivenda ou os seus accesorios, a arrendadora poderá esixir de inmediato a reposición das cousas ao estado anterior.

4. A arrendadora poderá realizar anualmente unha ou varias inspeccións da vivenda e os seus anexos para comprobar o estado de uso e conservación da mesma, e a arrendataria queda obrigada a autorizar a entrada en todas as estancias do inmovible arrendado á arrendadora ou a calquera persoa autorizada ou designada para tal fin.

DÉCIMO TERCEIRA. INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS, RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

1. O incumprimento por calquera das partes das obrigas pactadas neste contrato ou das prescritas na LAU, dará dereito á parte que tivera cumprido as súas a esixir o cumprimento da obriga ou a promover a resolución do contrato, de acordo co disposto no artigo 1.124 do Código Civil.

2. Ademais serán causa de resolución do contrato a instancia da arrendadora as previstas no artigo 27 e concordantes da LAU, e en particular as seguintes:

a) A falta de ocupación da vivenda no prazo dun mes desde a data de efectos do contrato de arrendamento.

b) Destinar a vivenda a un uso distinto ao pactado, nos termos establecidos na cláusula segunda deste contrato.

c) A ocupación da vivenda por persoas que non formen parte da unidade familiar ou convivencia.

d) A tenza de animais domésticos na vivenda.

e) A cesión ou subarrendamento da vivenda.

f) A falta de pagamento da renda ou das demais cantidades cuxo pago corresponda á arrendataria, en particular a falta de pagamento dos recibos das subministracións.

g) Causar graves desperfectos na vivenda ou nas partes comúns do edificio; incumplir os estatutos e/ou as normas de funcionamento interno da comunidade de propietarios/as; así como a inobservancia das normas esenciais de convivencia molestando á veciñanza

CONCELLO DE : _____

CÓDIGO DA VIVENDA: _____

N.º CONTRATO: _____

DATA EFECTOS: _____

por actos como: ruídos excesivos ou a horas intempestivas, altercados na vivenda, insultos e/ou vexacións á veciñanza, danos incluídos os estéticos en elementos e instalacións comúns tales como portal, escaleiras, descansos, portas, buzóns, garaxe, ascensor, zonas verdes, patios, etc.

A arrendataria será responsable tanto dos seus propios actos como dos que cometan os demais ocupantes da vivenda, aínda sendo ocasionais ou visitantes desta, para efectos da resolución do contrato ou da indemnización que por danos ou prexuízos poida derivarse.

h) O incumprimento do deber de conservación da vivenda e das súas instalacións ou a realización de obras na vivenda sen o consentimento expreso da arrendadora ou en contra do estipulado nas cláusulas décima e décimo primeira deste contrato.

i) Impedir a realización das labores de comprobación e inspección técnica das vivendas, aos técnicos designados pola arrendadora ou polo Concello.

3. Así mesmo, ademais das outras causas previstas no artigo 27 e concordantes da LAU, tamén serán causa de resolución do contrato a instancia da arrendataria as seguintes:

a) A non realización pola arrendadora das reparacións necesarias para conservar a vivenda en condicións de habitabilidade e de servir ao uso para o que se destina, ás que se refire a cláusula décima deste contrato, así como o artigo 21 da LAU.

b) A percepción de sobreprezos ou cantidades distintas á renda do aluguer pactada neste contrato.

c) A perturbación de feito ou de dereito que realice a arrendadora na utilización da vivenda.

4. O contrato de arrendamento extinguirase ademais de polo seu vencemento temporal, polas causas previstas no artigo 28 da LAU.

DÉCIMO CUARTA. DESOCUPACIÓN DA VIVENDA

1. No momento da finalización da vixencia ou da resolución ou da resolución por calquera causa do presente contrato, a arrendataria devolverá a vivenda arrendada e, no seu caso, os seus anexos e mobiliario no estado de conservación que tiña cando se entregou, agás o deterioro derivado do tempo transcorrido como consecuencia do uso ordinario ou por causa inevitable.

2. A arrendataria esta obrigada a desaloxar a vivenda deixándoa libre e vacua a disposición da arrendadora, entregándolle as chaves en sinal do seu desaloxo chegado o vencemento do prazo pactado ou producida a resolución do contrato por calquera causa.

CONCELLO DE : _____
CÓDIGO DA VIVENDA: _____
N.º CONTRATO: _____
DATA EFECTOS: _____

En todo caso, a finalización do contrato calquera que sexa a súa causa terá efectos do último día da correspondente mensualidade.

3. A demora polo arrendatario no desaloxo da vivenda e a súa entrega á arrendadora, con independencia do exercicio pola outra parte das accións precisas para obter o desaloxo forzoso, levará aparellada a obriga da arrendataria de aboar a arrendadora por cada día de demora no desaloxo e entrega das chaves unha indemnización consistente no dobre da trintava parte do renda do aluguer da última mensualidade devengada.

DÉCIMO QUINTA. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente contrato de arrendamento queda sometido ás disposicións contidas na LAU.

Para a solución de calquera conflito ou cuestión litixiosa que puidera derivarse deste contrato, as partes contratantes se someten á xurisdición dos xulgados e tribunais do lugar onde radique o inmovible arrendado.

Non obstante o anterior, no suposto de que o Instituto Galego da Vivenda e Solo, aprobase un procedemento de arbitraje ou conciliación, as partes acordan expresamente someterse aos ditos procedementos, encomendándose ao referido organismo a designación do/a árbitro ou árbitros.

En proba de conformidade con todo o que antecede e cos correspondentes anexos, as partes asinan o presente contrato, por triplicado exemplar, e a un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

A ARRENDATARIA

A ARRENDADORA

(sinatura)

(sinatura)

CONCELLO DE : _____
CÓDIGO DA VIVENDA: _____
Nº CONTRATO: _____
DATA EFECTOS: _____

ANEXO I: CARACTERÍSTICAS E INVENTARIO DA VIVENDA

IGUAL QUE A DOS DOCUMENTOS DE INCORPORACION DA VIVENDA

En proba de conformidade, asinan o presente, por triplicado exemplar, na data de formalización do contrato de arrendamento do que forma parte este anexo.

A ARRENDATARIA

(sinatura)

A ARRENDADORA

(sinatura)

CONCELLO DE : _____
CÓDIGO DA VIVENDA: _____
Nº CONTRATO: _____
DATA EFECTOS: _____

ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE FAMILIAR OU DE CONVIVENCIA

O/os abaixo asinante/s declara/declaran baixo a súa responsabilidade que os membros que integran a unidade familiar ou de convivencia e que van a residir na vivenda obxecto deste contrato son os que se relacionan a continuación:

APELIDOS E NOME	NIF/NIE	DATA NACEMENTO	RELACIÓN DE PARENTESCO

E, obríganse a comunicarlle ao Concello, calquera variación que se produza na composición da unidade familiar ou de convivencia, dentro dos 30 días seguintes a que se produza, para que comprobe a súa procedencia e, no seu caso, llo comunique á arrendadora.

O que asinan, por triplicado exemplar, na data de formalización do contrato de arrendamento do que forma parte este anexo.

A ARRENDATARIA

(sinatura)